
CONSELLO DE AVALIACIÓN DOCUMENTAL DE GALICIA

INFORME DE ACTIVIDADE



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

galicia



O Consello de Avaliación Documental de Galicia

- Órgano colexiado consultivo e de asesoramento da Administración autonómica de Galicia, adscrito á consellería competente en materia de arquivos e patrimonio documental
- Decreto 15/2016, do 14 de xaneiro, polo que se regula a súa composición e funcionamento así como o procedemento de avaliación e selección de documentos (DOG núm. 34 do 19 de febreiro de 2016)
- O Consello de Avaliación Documental de Galicia queda constituído na 1ª sesión ordinaria celebrada o día 14 de xullo de 2016

Finalidade

O **estudo** e **ditame** das cuestións relativas á **cualificación** e **utilización** dos **documentos** producidos, recibidos ou acumulados no exercicio das súas funcións polas institucións, administracións e organismos públicos e empresas e entidades deles dependentes, así como a súa **integración** nos **arquivos** e ao **réxime** de **acceso** e **inutilidade administrativa** de tales documentos no ámbito do Sistema de Arquivos de Galicia, tal como establece o artigo 34 da Lei 7/2014, do 26 de setembro de arquivos e documentos de Galicia

Funcións

- ❑ **Propoñer** con carácter preceptivo ao órgano superior en materia de arquivos e patrimonio documental os **criterios** de **avaliación** para a **selección, transferencia** da custodia e o **acceso** aos documentos para a súa aprobación
- ❑ **Informar** con carácter preceptivo as **propostas de avaliación** dos documentos de titularidade pública
- ❑ **Informar** con carácter preceptivo os **criterios de conservación dos procedementos administrativos electrónicos**
- ❑ **Elaborar** as **táboas** de **avaliación** documental das **series** sometidas ao seu ditame e a súa **elevación** á persoa titular da consellería con competencias en materia de arquivos e patrimonio documental
- ❑ Promover **acordos** de carácter xeral relativos aos **prazos** de **conservación** ou **eliminación** e **acceso** daquelas series documentais **comúns a todas as administracións públicas galegas**
- ❑ **Supervisar** as **táboas** de avaliación dos **consellos cualificadores** doutras institucións galegas que custodien documentos considerados patrimonio documental galego

Funcionamento

- En Pleno
 - Sesións ordinarias
 - Sesións extraordinarias
- Mediante Grupos de traballo
 - GT Administración autonómica
 - GT Administración local
 - GT Universidades
 - GT órganos estatutarios e Consello Consultivo de Galicia
- No ano 2020 refúndense o GT Administración autonómica e o GT Administración local nun so Grupo:
GT Consello Avaliación Documental

Actividade do Consello: reunións

Dende o ano 2016 o Consello reuniuse oito veces en sesións ordinarias

- ☐ 14 de xullo de 2016
- ☐ 15 de marzo de 2017
- ☐ 7 de novembro de 2017
- ☐ 12 de decembro de 2018
- ☐ 9 de xullo de 2019
- ☐ 21 de xaneiro de 2020
- ☐ 4 de decembro de 2020
- ☐ 23 de marzo de 2021

Actividade do Consello: propostas de avaliación de documentos de titularidade pública

- Presentáronse **68** propostas de avaliación de documentos que se someteron a ditame do Consello
 - 35 propostas da Administración autonómica
 - 23 propostas da Administración local
 - 10 propostas das Universidades
- Ditaminadas favorablemente **67** propostas
 - 34 Administración autonómica
 - 23 da Administración local
 - 10 de Universidades

Actividade do Consello: ditame

SELECCIÓN

- ☐ Conservación permanente: **18** series documentais
- ☐ Eliminación parcial: **23** series documentais
 - Conservación dunha parte do expediente (expediente xeral, actas, resolución...)
 - Eliminación das solicitudes ou expedientes persoais
- ☐ Eliminación total: **13** series documentais. Obriga de conservar una mostra da documentación a eliminar

ACCESO

- ☐ **9** series de libre acceso
- ☐ **45** de acceso restrinxido

Actividade do Consello: Táboas de avaliación documental

- Elaboráronse **54** táboas de avaliación documental que se aprobaron mediante resolución do titular da consellería con competencias en materia de arquivos o que deu lugar á publicación dos seus extractos no DOG:
 - Táboas T01-T011: orde do 10 de xaneiro de 2018 (DOG núm. 23 do 1 febreiro de 2018)
 - Táboas T012-T013: orde do 29 de xaneiro de 2018 (DOG núm. 35 do 19 de febreiro de 2018)
 - Táboas T014-T020: orde do 10 de maio de 2019 (DOG núm. 97 do 23 de maio de 2019)
 - Táboas T021-T036: orde do 20 de decembro de 2019 (DOG núm. 4 do 8 de xaneiro de 2020)
 - Táboas T037-T043: orde do 19 de febreiro de 2020 (DOG núm. 45 do 6 de marzo de 2020)
 - Táboas T044-T054: orde do 16 de febreiro de 2021 (DOG núm. 38, do 25 de febreiro de 2021)

Actividade do Consello: solicitudes de eliminación

Recibíronse **39** solicitudes para a eliminación de documentos

- 6 solicitudes da Administración local
 - 5 do Concello de Ferrol
 - 1 do Concello de Vigo
- 26 solicitudes da Administración autonómica propostas polas seguintes consellerías
 - Consellería de Economía, Emprego e Industria
 - Consellería de Cultura, Educación e Universidade
 - Consellería de Facenda
 - Consellería do Mar
 - Consellería de Política Social
 - Consellería de Medio Rural
 - Vicepresidencia e Consellería de presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
- 7 solicitudes das Universidades galegas
 - Universidade de Santiago de Compostela
 - Universidade de Vigo

Actividade do Consello

Estatísticas Consello de Avaliación Documental de Galicia							
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	TOTAL
ESTUDOS PRESENTADOS	3	15	7	16	18	9	68
Administración autonómica	3	4	5	2	17	4	35
Administración Local	0	11	2	9	1	0	23
Universidades	0	0	0	5	0	5	10
PUBLICACIÓN TÁBOAS	0	0	13	7	23	11	54
Administración autonómica			2	5	8	11	26
Administración Local			11	2	10	0	23
Universidades			0	0	5	0	5
SOLICITUDES DE ELIMINACIÓN	0	0	2	6	26	5	39
Administración autonómica			1	6	17	2	26
Administración Local			1		2	3	6
Universidades					7	0	7
Outros					0		0
VOLUME ELIMINADO	0	0	11.523	12.614	19.219	2.588	45.944
Administración autonómica			11.523	12.158	15.940		39.621
Administración Local				456	138	2.588	3.182
Universidades					3.141		3.141
Outros							

Actividade do Consello: resumo

Total estudos presentados	68
Total táboas publicadas	54
Total solicitudes eliminación	39
Total volume documentos eliminados	45.944
Metros lineais eliminados	5.283,56 m.l.